




*A calificación morfolóxica é un estándar internacional que correlaciona coa funcionalidade do animal en cada un dos aspectos valorados.*

### Estrutura e capacidade


**Estatura** (Óptimo 6) → medida en cm, é a distancia desde o punto medio dos ilios ata o chan.




**Fortaleza do lombo** (Óptimo 9; mellor soporte do peso do ubre e da xestación)




**Ángulo da cruz dos cadrís** (Óptimo 5; mellor articulación isquiofemoral) → mídese como o ángulo da estrutura da cruz dos cadrís desde os isquions ata os ilios.




**Profundidade corporal** (Óptimo 9) → é a distancia entre o dorso ou liña dorsal da vaca e a parte máis baixa do terzo medio, na última costela. É independente da estatura.




**Terzo anterior** (Óptimo 7) → posición da cruz respecto da cruz dos cadrís.



**Anchora do peito** (Óptimo 9; maior capacidade torácica) → é a medida entre as dúas patas dianteiras na súa parte máis alta.




**Anchora da cruz dos cadrís** (Óptimo 9; facilita unha mellor anchora de ubre) → distancia entre a punta dos isquions.



## PATAS E PÉS

**Calidade do óso** (Óptimo 9) → valórase o plano que é o óso na pata. Mídese desde a virilla ata o talón, preferentemente na canela.




Redondo 1

5

Plano 9

**Mobilidade** (Óptimo 9) → Avaliase como executa o paso, vendo a lonxitude e dirección deste: 1-3 (abducción grave e paso curto), 4-6 (abducción lixeira e paso medio), 7-9 (sen abducción e paso longo).




1

5

9

**Vista lateral de patas** (Óptimo 5; mellor motilidade) → ángulo formado na parte dianteira das bestras.



Rectas 1

5

Curvadas 9

**Vista posterior de patas** (Óptimo 9; desgaste homoxéneo dos cascos) → dirección que adoptan os pés vistos desde atrás.



Moi xuntas 1

5

Paralelas 9

**Ángulo podal** (Óptimo 9; mellor altura de talón) → ángulo que forma o pé tra-seiro coa horizontal, na parte anterior do casco. Mídese no pé dereito.



Pequeno 1


5

Grande 9

## ESTRUTURA LEITEIRA

**Angulosidade** (Óptimo 9) → defínese como o arqueamento e o ángulo das costelas. *Arqueamento* refírese ao grao de apertura das costelas: cando se arquean, o espazo intercostal faise maior; cando están xuntas non hai arqueamento.

Cando as costelas se arquean, ábrense e posiciónanse cara a atrás.




Falta de angulosidade 1

5

Moi angulosa 9

**Condición corporal** → mídese a cobertura graxa sobre a base do rabo e a cruz dos cadrís. Non é un verdadeiro carácter lineal.




Descarnada 1

5

Acumulación graxa 9

## SISTEMA MAMARIO

**Inserción anterior** (Óptimo 9) → a forza coa que o ubre se agarra á parede abdominal mediante ligamentos laterais.




Débil, solta 1

5

Forte, agarrada 9

**Altura da inserción posterior** (Óptimo 9) → distancia entre a vulva e o tecido secretor: relacionado coa estatura do animal.




Baixa 1

5

Alta 9

**Colocación dos tetos anteriores** (Óptimo 5; facilita a muxidura) → posición que ocupa o teto respecto ao centro do cuarteirón.




Fóra dos cuartos 1

5

Moi xuntos 9

**Colocación dos tetos posteriores** (Óptimo 5) → posición que ocupa o teto respecto ao centro do cuarteirón.



Fóra dos cuartos 1

5

Moi xuntos 9

**Lonxitude dos tetos** (Óptimo 5) → lonxitude dos tetos anteriores.




Curtos 1

5

Longos 9

**Textura** (Óptimo 9; maior achega sanguínea e menos tecido conectivo) → valórase a calidade do tecido glandular do ubre. Boa textura: pel fina e elástica, veas destacadas e visibles sobre o ubre e a barriga, grosas e sinuosas.




Carnosa 1

5

Espanxosa 9

**Anchura da inserción posterior** (Óptimo 9; maior capacidade) → anchura do ubre na parte máis alta da inserción posterior.




1

5

9

**Profundidade do ubre** (Óptimo 5; inserción alta, menor capacidade leiteira, inserción baixa, maior risco de lesión dos tetos) → distancia entre as bestras e a parte máis baixa da base do ubre.




Demasiado profunda 1

5

Pouco profunda 9

**Ligamento suspensorio medio** (Óptimo 9; permite unha boa colocación dos tetos cando o ubre está cheo) → profundidade do suco na base do ubre posterior.



Débil 1

5

Ben definido 9

Imaxes cedidas por ICAR  
ICAR Guidelines. Appendix 1 of Section 5 – Standard Trait Definition for Dairy Cattle [en liña]. Versión marzo 2022 [citado 26 de setembro de 2022]. Dispoñible [nesta ligazón](#).